

ACTA N 2 PROCESO SELECTIVO DE 2 AXENTES DE POLICIA LOCAL, ESCALA BÁSICA, GRUPO C1, DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Reunido o tribunal cualificador, o día 20 de xaneiro de 2024, en Lugo ás 10:30, composto por:

PRESIDENTE: D. Miguel Martínez Díaz, Inspector da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos.

VOGAL: D. Néstor Álvarez López Oficial da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos

VOGAL: D. Jesús Piñeiro Santos, Intendente da Policía Local do Concello de Lugo

VOGAL: D. José Manuel Río Espiño, Inspector da Policía Local do Concello de Lugo

SECRETARIO: D. José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos.

De todas as impugnacións presentadas foron resoltas na forma seguinte:

-Anúlense preguntas números 4, 13 e 52, e substitúense polas Reserva 2, Reserva 3 e Reserva 4.

(Lémbrese que a pregunta 20 xa fora anulada no acto de exame e substituída pola Reserva 1.)

-Modifícase a resposta correcta en preguntalas números 3, 17 e 55, pasando a ser:

Pregunta nº 3 – Resposta correcta a opción a)

Pregunta nº 17 – Resposta correcta a opción d)

Pregunta nº 55 – Resposta correcta a opción a)

Desestímense o resto das alegacións, consonte o seguinte:

PREGUNTA 3:

Acéptanse as alegacións As impugnacións están xustificadas e, en consecuencia, procede a súa aceptación e a resposta correcta sería a a) o Concello.

PREGUNTA 4:

Acéptanse as alegacións. Efectivamente existe un erro na referencia á Lei que regula os informes xa que se fai constar que é a lei 30/1992, lei que foi derogada pola lei 39/2015. Con todo e que a pesar de que a resposta a pregunta, non deixa ningún xénero de dúbidas, debido a que é exactamente a mesma regulación que contén a lei 39/2015 no seu artigo 79, para que non exista ningún xénero de dúbidas, acéptase a impugnación e anúlase a pregunta, debendo terse en conta a primeira pregunta de reserva.

PREGUNTA 13:

Acéptanse as alegacións. Acéptase a impugnación, debido a que efectivamente o artigo nove non regula a igualdade ante a lei que é regulada polo artigo 14, por tanto, ao ter dúas respostas válidas acéptase a impugnación e debe terse en conta a segunda pregunta de reserva.

PREGUNTA 14:

Rexeitase a alegación. A resposta é correcta, posto que os estatutos de autonomía, aínda que é certo que son aprobados por lei orgánica, son instrumentos constitucionais con sustantividade propia e diferenciada do resto das leis orgánicas.

PREGUNTA 16:

Rexeitase a alegación. Tanto a pregunta como a resposta están correctamente formuladas, posto que a incompetencia é de tres tipos, a saber, incompetencia por razón da materia e do territorio (que ha de ser manifesta para que sexa causa de nulidade) e incompetencia xerárquica. Nos dous primeiros casos, se é manifesta, é causa de nulidade, pero no segundo caso se é competencia xerárquica é causa de anulabilidade por tanto desestímase a alegación.

PREGUNTA 17:

Acéptanse as alegacións Resposta correcta a opción d) por así establecelo textualmente o artigo 23 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas.

PREGUNTA 18:

Rexeitase a alegación . tanto a pregunta como a resposta están correctamente formuladas e baséanse no disposto no artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PREGUNTA 20:

Anulada polo Tribunal.

PREGUNTA 22:

Rexeitase a alegación . No uso do termo “prorrogar ou prolongar” non afecta en ningún caso o contido da pregunta, non impide a comprensión da mesma polas persoas opositoras, nin afecta á determinación da resposta correcta, xa que non induce a confusión con algunha das demais opción.

PREGUNTA 30:

Rexeitase a alegación. A opción a) non pode ser válida dado que os funcionarios da policía local si poden ser requiridos polo Alcalde nos casos establecidos, quedando polo tanto obrigados a cumprir co dito requirimento.

PREGUNTA 46:

Non se acepta a alegación. A resposta correcta está no artigo 534, tal e como se menciona no propio enunciado da pregunta:” Según el artículo 534 de la Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del CP, la autoridad o funcionario público que, con ocasión de lícito registro de papeles, documentos o efectos de una persona, cometa cualquier vejación injusta o daño innecesario en sus bienes, será castigado”

PREGUNTA 51:

Non se acepta a alegación. Na resposta a) fatal o requisito de “ a sabiendas de su ilegalidad” polo tanto non é punible, mentres que na resposta b) castígase no artigo 404 e a c) no 406.

PREGUNTA 52: Acéptanse as alegación : ningunha das respostas é correcta.

PREGUNTA 54: Non se acepta a alegación. Para que a resposta b) sexa a correcta requírese que a entidade pública, ten que ser a entidade pública sa que dependa e non calquera entidade pública.

PREGUNTA 55: Acéptanse as alegacións e darase como correcta a pregunta a) en substitución da b) que figura na plantilla.

PREGUNTA 58: Non se acepta a alegación. O propio artigo di “además” da pena de prisión (o que leva inherente una imprudencia grave) ao xa existir una pena de prisión segundo se menciona no enunciado. O requisito imprescindible para a imposición de pena de inhabilitación especial é a imprudencia profesional.

PREGUNTA 78: Non se acepta a alegación. Pídese a definición de violencia vicaria que contén a exposición de motivos da Lei 14/21 que é textualmente a que costa na opción c) que é a correcta. O que menciona o recorrente é o grao máximo de crueldade da violencia vicaria.

PREGUNTA 89: Non se acepta a alegación. O artigo 82 é o que establece a orde que pide a pregunta e que contén a opción c) polo tanto é a correcta tal e como sinala a plantilla de preguntas correctas.